



INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O PROXECTO DE DECRETO SOBRE A XESTIÓN DA SEGURIDADE DAS ESTRADAS DE GALICIA

Esta Secretaría Xeral Técnica de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, e logo de examinar o "Proxecto de Decreto sobre a xestión da seguridade das estradas de Galicia", emite o seguinte,

INFORME

1.- Competencia e marco legal aplicable

O artigo 149.1.24ª establece que o Estado ten competencia exclusiva sobre obras públicas de interés xeral ou cuxa realización afecte a máis dunha Comunidade Autónoma.

E o artigo 148.1. 4ª e 5ª dispón que as Comunidades Autónomas poderán asumir competencias en materia de obras públicas de interese da Comunidade Autónoma no seu propio territorio e dos ferrocarrís e estradas cuxo itinerario se desenvolva integramente no territorio da Comunidade Autónoma e, nos mesmos termos, o transporte desenvolvido por estes medios ou por cable.

Pola súa banda, os apartados 7 e 8 do artigo 27 de Estatuto de Autonomía para Galicia establecen que corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva nas seguintes materias:

"7. Obras públicas que no tengan la calificación legal de interés general del Estado o cuya ejecución o explotación no afecte a otra Comunidad Autónoma o provincia.





8. Ferrocarriles y carreteras no incorporados a la red del Estado y cuyo itinerario se desarrolle íntegramente en el territorio de la Comunidad Autónoma y, en los mismos términos, el transporte llevado a cabo por estos medios o por cable."

A norma proxectada ten por obxecto a incorporación ao dereito interno da Directiva (UE) 2019/1936 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2019, pola que se modifica a Directiva 2008/96/CE sobre a xestión da seguridade das infraestruturas viarias. De conformidade co disposto no artigo 2.1 da mesma *"os estados membros porán en vigor a máis tardar o 17 de decembro de 2021 as disposicións legais, regulamentarias e administrativas necesarias para dar cumprimento ao establecido na presente Directiva modificativa."*

A regulación contida no proxecto de decreto desenvolve a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia; concretamente desenvolve o capítulo II do Título II no que atinxe á documentación e contido dos estudos e proxectos, e o capítulo III do Título III, relativo á explotación do dominio público viario. E a habilitación legal para ditar o presente decreto atópase na disposición derradeira segunda da Lei 8/2013, do 28 de xuño, segundo a cal "se habilita á Xunta de Galicia para o desenvolvemento regulamentario da presente lei."

2.- Estrutura

O proxecto de decreto estruturase en 5 capítulos:

O primeiro deses capítulos recolle as disposicións xerais: obxecto, ámbito de aplicación e definicións.

Os tres capítulos seguintes regulan cada un dos instrumentos establecidos pola Directiva 2008/96/CE sobre xestión da seguridade das infraestruturas viarias, incluíndo as modificacións introducidas nela pola Directiva (UE) 2019/1936: avaliación de impacto da seguridade viaria, auditorías de seguridade viaria e procedementos de seguridade viaria das estradas en explotación, entre os que se regula a avaliación da seguridade das





estradas do conxunto da rede, as inspeccións específicas, as medidas correctoras directas e as inspeccións ordinarias.

E o último dos capítulos recolle unha serie doutras disposicións tales como o sistema de notificación voluntaria, as medidas temporais de seguridade nas obras viarias e a habilitación para o establecemento de procedementos para a realización dos instrumentos definidos previamente.

O texto normativo complétase con:

- Tres disposicións adicionais que regulan: a primeira avaliación da seguridade das estradas do conxunto da rede, a elaboración do primeiro plan de acción derivado das inspeccións específicas de seguridade viaria e a realización das mellores prácticas en materia de xestión da seguridade viaria no resto da Rede Autonómica de Estradas de Galicia.
- Tres disposicións transitorias que regulan o réxime transitorio aplicable ás actuacións xa iniciadas previamente á entrada en vigor da norma e o aplicable ao período que transcorra ata o establecemento de procedementos propios, por parte da Administración Autonómica, para a realización dos instrumentos definidos no corpo da norma.
- Catro disposicións derradeiras que regulan o título competencial, a manifestación sobre a incorporación de dereito da Unión Europea, a habilitación para o desenvolvemento normativo, a designación do órgano competente para o exercicio das funcións atribuídas na norma en relación ás estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia e a data da súa entrada en vigor.

3.- Obxecto da disposición

O obxecto da disposición normativa é o establecemento e aplicación dos procedementos relacionados coa seguridade das estradas de Galicia.

Este proxecto de decreto supón a transposición á normativa autonómica galega da





Directiva 2008/96/CE sobre xestión da seguridade das infraestruturas viarias, incluíndo as modificacións introducidas nela pola Directiva (UE) 2019/1936.

En virtude do anterior, incorpóranse á normativa autonómica galega uns novos instrumentos de xestión da seguridade viaria, que se poden resumir do xeito seguinte:

- Avaliación de impacto da seguridade viaria.
- Auditorías de seguridade viaria.
- Avaliación da seguridade das estradas do conxunto da rede.
- Inspeccións de seguridade viaria.

A realización das auditorías de seguridade viaria está prevista nas fases de anteproxecto ou proxecto de trazado, de proxecto de construción, previa á posta en servizo e de explotación inicial.

Pola súa parte, as inspeccións de seguridade viaria divídense en inspeccións periódicas e inspeccións específicas.

Realízase unha transposición total da directiva, agás o relativo ao artigo 7 e o seu correlativo Anexo IV deste norma.

4- Tramitación

A tramitación deste proxecto de decreto desenvólvese con suxeición ao procedemento legalmente establecido, de acordo co disposto nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e no Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, aprobado polo Decreto 111/1984, do 25 de maio:





- 1) O 7 de outubro de 2021 a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade acordou o inicio da tramitación do Anteproxecto de decreto sobre a xestión da seguridade viaria nas estradas de Galicia.
- 2) O Anteproxecto de decreto foi sometido a consulta publica previa entre o 8 e o 23 de outubro de 2021.
- 3) O 19 de xaneiro de 2022 o director da Axencia Galega de Infraestruturas asinou as memorias xustificativa e económica do Anteproxecto de decreto sobre a xestión da seguridade viaria nas estradas de Galicia.
- 4) O 26 de xaneiro de 2022, a Subdirección Xeral de Rexime Xuridico emitiu informe.
- 5) O 28 de xaneiro de 2022, a conselleira aprobou inicialmente o texto do proxecto de decreto proxecto de Decreto polo que se traspón a Directiva (EU) 2019/1936 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2019, pola que se modifica a Directiva 2008/96/CE sobre xestión da seguridade das infraestruturas viarias.
- 6) Entre o 3 de febreiro de 2022 e o 24 de febreiro 2022 o proxecto de decreto estivo publicado no Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia, a través do que presentou unha alegación.
- 7) O 7 de febreiro de 2022 o texto foi sometido a tramite de audiencia por un prazo de quince días hábiles para o que foi remitido ás catro deputacións provinciais, á Dirección General de Carreteras, á Dirección General de Tráfico, á FEGAMP, ao Colexio Oficial de Enxeñeiros de Camiños, Canáis e Portos de Galicia e ao Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Obras Públicas, sen que se presentasen alegacións.
- 8) O proxecto de decreto foi sometido informe da:
 - Secretaría Xeral da Igualdade, emitido o 15 de febreiro de 2022.
 - Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, emitido o 14 de febreiro





de 2022.

- Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, emitido o 15 de febreiro de 2022.
- Dirección Xeral de Familia, Infancia e Impacto Demográfico emitido o 15 de febreiro de 2022.

9) O 23 de marzo de 2022, o director da Axencia Galega de Infraestruturas emitiu informe sobre a tramitación do procedemento.

10) O 25 de marzo de 2022 foi solicitado informe á Asesoría Xurídica Xeral e o 23 de decembro o proxecto de decreto foi informado pola Asesoría Xurídica.

11) O 2 de febreiro de 2023, o director da Axencia Galega de Infraestruturas emitiu informe sobre as modificacións introducidas no proxecto de decreto tralo informe da Asesoría Xurídica e asinou unha memoria xustificativa adaptada ás modificacións introducidas.

5.- Acerto e oportunidade

De conformidade co anterior, e tendo en conta os aspectos analizados, o texto proposto reúne os requisitos legais esixidos pola normativa de aplicación, cumpríndose todos os trámites legais preceptivos, é polo tanto esta Secretaría Xeral Técnica informa favorablemente a legalidade, acerto e oportunidade do texto normativo proposto que deberá ser sometido, previo ditame do Consello Consultivo de Galicia, ao Consello da Xunta para a súa aprobación como Decreto.

Santiago de Compostela,

O secretario xeral técnico

Joaquín Macho Canales

Secretaría Xeral Técnica
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
881 999 265
sxt.cim@xunta.gal

